



CONCELLO DE ARANGA

CERTIFICACIÓN

Ana María Ocampo Pérez-Gorostiaga, secretario do Concello de Concello de Aranga, agás erro ou omisión involuntaria, **CERTIFICO** o acordo tomado en Xunta de Goberno Local celebrada en 30-05-2025 que deseguido transcribo:

“

4. CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DO PROGRAMA APROL RURAL 2025.-

Dáse lectura á seguinte proposta da alcaldía:

“Logo de que se incoou un expediente para a convocatoria dun proceso selectivo para a selección de DOUS PEÓNS E UN TRACTORISTA que leven a cabo o Programa APROL RURAL 2025, consistentes en limpeza forestal.

Logo de ver o expediente que se tramitou para o efecto e considerando a conveniencia e necesidade de levar a cabo esta convocatoria , segundo consta na providencia que incoa o expediente.


Propoño á xunta de Goberno local:

Primeiro: Aprobar á convocatoria do proceso de selección para cubrir, con carácter laboral temporal, dúas prazas de peón e unha de tractorista do programa APROL RURAL 2025, durante 9 meses, en xornada completa, financiado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia , segundo a Orde do 13 de marzo de 2025 que establece as bases que regulan as axudas para o fomento de emprego no medio rural.

Segundo: Aprobar as bases que rexerán a selección dos aspirantes , que se transcriben a continuación.

Terceiro: Dar conta ao Pleno Municipal, na primeira sesión ordinaria que realice, do contido deste acordo

Aranga, 28 de maio de 2025



CONCELLO DE ARANGA

O alcalde

"BASES PARA A CONTRATACIÓN DAS PERSOAS QUE CUBRIRÁN O CADRO DE PERSOAL DO "PROGRAMA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL , APROL RURAL" 2025.-

PRIMEIRA.-Obxecto da convocatoria.

A presente convocatoria ten por obxecto a contratación laboral temporal de **dous peóns e un tractorista** que executarán as obras incluídas no proxecto denominado "LIMPEZA DE ZONAS FORESTAIS", dentro do programa Aprox Rural 2025, en base a financiación outorgada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e segundo a Orde do 13 de marzo de 2025 que establece as bases que regulan as axudas para o fomento de emprego no medio rural.

A dita contratación realizarase ó abeiro do Real Decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro que aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), a lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia (LEPG), a lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, o Real Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes na materia de réxime local, o texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2015 de 23 de outubro (TRET) e disposicións concordantes.

Atenderase á disposición final segunda do Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, introduce unha nova disposición adicional, novena no texto refundido da Lei de Emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, no que se refire aos contratos vinculados a programas de activación para o emprego " 1. As administracións públicas e, de ser o caso, as entidades sen ánimo de lucro poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos neste texto refundido da Lei de Emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses".



CONCELLO DE ARANGA

SEGUNDA. Modalidade de contratación e condicións do contrato.

Os traballos a desempeñar polo persoal contratado serán aqueles relacionados con limpeza de espazos públicos forestais, eliminando vexetación e outros produtos acumulados en cunetas e bordos dos camiños e pistas de uso público.

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, a xornada completa (modelo 405)

A duración prevista é de nove meses, a xornada completa, debendo estar formalizados os contratos a 16/06/2025.

As retribucións brutas mensuais, incluídas as pagas extras, é de 1.382,56 € mensuais.

- Peóns: Grupo de cotización 10
- Tractorista: Grupo de cotización 8

TERCEIRA -Requisitos dos aspirantes.

Para poder participar nas probas selectivas de acceso ás prazas os aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español, extranxeiro nacional dun estado membro na Unión Europea ou extranxeiro dun dos estados aos que se refire e nas condicións previstas no artigo 57 do Texto refundido do Estatuto Básico do empregado público, así como os extranxeiros con residencia legal en España.
- b) Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas as que se opta.

A estes efectos establécese a igualdade de condición das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixar, con carácter xeral, limitacións físicas ou psíquicas, agás nos casos nos que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adaptándose polo tribunal selectivo as medidas e medios precisos para a realización das probas, de xeito que gocen da mesma igualdade de oportunidades que os demais




CONCELLO DE ARANGA

participantes. Para este fin, os aspirantes con minusvalía farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

A condición de minusvalía, o seu grao e a súa compatibilidade co exercicio das funcións do posto de traballo, acreditarase mediante certificación para o efecto expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

- c) Ter cumpridos dezaséis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais e estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos ou acceso ao emprego público
- e) Ser demandante de emprego, polo que será requisito imprescindible ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como na formalización do contrato. O que se acreditará coa presentación da tarxeta de demandante de emprego.
- f) Ser candidato remitido polo Servizo Galego de Colocación segundo a Oferta de Emprego (COOPERACIÓN ENTIDADES LOCAIS APROL RURAL), presentada ante a Oficina de Emprego de Betanzos, en cumprimento do art. 14 da Orde de 13 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e a Instrución nº4/2025 de 20 de marzo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.
- g) Ter o carné de conducir B, no caso dos candidatos á selección do posto de tractorista.

CUARTA.-Presentación de solicitudes.



CONCELLO DE ARANGA

A oficina de emprego realizará unha sondaxe e preseleccionará aos candidatos segundo as bases de convocatoria recollidos na Orde de 13 de marzo de 2025 e a INSTRUCCIÓN N°: 4/2025 de data de 20 de marzo de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspondendo ao Concello de Aranga a selección definitiva.

Os candidatos remitidos pola oficina de emprego conformarán as listaxes de admitidos no proceso de selección, que se publicará no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do concello de Aranga, abríndose a partir do día seguinte da publicación un prazo de **dous días hábiles** para a presentación de instancias.

As solicitudes para participar no proceso presentaranse segundo o modelo Anexo I, acompañadas do DNI e documento acreditativo de estar desempregado/a, no Rexistro Xeral do concello, de forma presencial ou a través da sede electrónica o nalgún lugar dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Nas instancias os aspirantes farán constar que reúnen os requisitos establecidos na base terceira.

Documentación para acreditar requisitos:

- Documento acreditativo de inscrición no Servizo Público de Emprego como desempregado.
- DNI

- Carné de conducir B, no caso do/a tractorista

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados/as aceptan e acatan as bases da convocatoria.



CONCELLO DE ARANGA

A documentación acreditativa dos méritos para a fase de concurso:

- As titulacións relacionadas coas actividades a desempeñar deberan expresar a súa duración en horas e contidos da formación.
- Carné de conducir, no caso dos candidatos para o posto de peón/a

Tendo en conta a existencia dun posible desempate, poderán acreditarse as responsabilidades familiares mediante:

- Libro de familia
- Certificado de convivencia ou autorización á Administración municipal para comprobalo de oficio no padrón municipal de habitantes, no caso de pertencer a familia ao Concello de Aranga.
- Informe de vida laboral actualizado.

QUINTA.-Comisión seleccionadora.

A Comisión Seleccionadora estará integrada por un Presidente, secretario, que será o da corporación, e tres vogais que serán desinados pola alcaldía, cos requisitos previstos no artigo 60 do TREBEP e os de imparcialidade e profesionalidade dos membros e demais normativa concordante.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándollo á autoridade convocante, ou cando tiveran realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación de esta convocatoria.



CONCELLO DE ARANGA

Os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal dacordo co art. 24 da lei a que se fai referencia.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura de prazas convocadas, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.

Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seu membros, sendo preciso en todo caso a asistencia do/a presidente/a e do secretario.

Segundo o previsto no art. 17 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o tribunal poderase constituír, convocar e celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

SEXTA.- Proceso de selección.-

A)O proceso de selección levaráse a cabo mediante concurso-oposición:

A realización das probas poderá realizarse no mesmo día debido aos prazos establecidos para a contratación do persoal.

PROCESO DE SELECCIÓN DOS/AS PEÓNS/AS

Fase de oposición:

(Puntuación máxima 6 puntos)

Consistirá nunha proba práctica ou teórica relacionada coas funcións obxecto da praza a cubrir e sobre o coñecemento do termo municipal.

Para superar esta fase deberase obter un mínimo de 3 puntos, pasando a ser valorados na fase de concurso os/as candidatos/as que a superen.

O contido da proba práctica consistirá na realización de actividades propias da categoría profesional;



CONCELLO DE ARANGA

- Peón/a: prevención de riscos, desbrozar, limpar maleza ao mesmo nivel, o uso e mantemento de desbrozadora, motoserra e trituradoras de restos de maleza...

Fase de concurso:

(Puntuación máxima 4 puntos)

Titulacións relacionadas coas actividades a desempeñar:

- Por ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados por Administracións públicas e relacionados coa materia obxecto desta convocatoria 2 puntos (1 punto por programa)
- Por cursos de 10 a 50 horas: 0,20 puntos
- Por cursos de 51 a 100 horas: 0,5 puntos
- Por cursos de máis de 100 horas: 0,75 puntos

Na documentación que acredita estes méritos deberan expresar a súa duración en horas e contidos.


- Posesión do carné de conducir B:

Valorarase estar en posesión do carné de conducir B con 1 punto

Os cursos de formación, académica e complementaria, e perfeccionamento, deberan estar homologados, acreditados, convocados, impartidos ou realizados pola Comisión de Formación Continuada do Ministerio de AAPP, ou pola Comisión Autonómica, Administracións Públicas, Universidades, INEM, Colexios Profesionais ou Organizacións Sindicais, sempre que teñan contidos relacionados cas funcións propias da categoría.

A omisión de presentación da documentación acreditativa dos méritos para a fase de concurso suporá que estes non serán valorados polo tribunal ao suporse que non están debidamente xustificadas.

PROCESO DE SELECCIÓN DO/A TRACTORISTA



CONCELLO DE ARANGA

Fase de oposición:

(Puntuación máxima 6 puntos)

Consistirá nunha proba práctica ou teórica relacionada coas funcións obxecto da praza a cubrir e sobre o coñecemento do termo municipal.

Para superar esta fase deberase obter un mínimo de 3 puntos, pasando a ser valorados na fase de concurso os/as candidatos/as que a superen.

O contido da proba práctica consistirá na realización de actividades propias da categoría profesional;

- Tractorista: Manexo e mantemento da maquinaria, prevención de riscos...

Fase de concurso:


(Puntuación máxima 4 puntos)

Titulacións relacionadas coas actividades a desempeñar:

- Por ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados por Administracións públicas e relacionados coa materia obxecto desta convocatoria 2 puntos (1 punto por programa)
- Por cursos de 10 a 50 horas: 0,20 puntos
- Por cursos de 51 a 100 horas: 0,5 puntos
- Por cursos de máis de 100 horas: 0,75 puntos

A documentación que acredita estes méritos debera expresar a súa duración en horas contidos.

Os cursos de formación, académica e complementaria, e perfeccionamento, deberán estar homologados, acreditados, convocados, impartidos ou realizados pola Comisión de Formación Continuada do Ministerio de AAPP, ou pola Comisión Autonómica, Administracións Públicas, Universidades, INEM, Colexios Profesionais ou Organizacións Sindicais, sempre que teñan contidos relacionados cas funcións propias da categoría



CONCELLO DE ARANGA

A omisión de presentación da documentación acreditativa dos méritos para a fase de concurso suporá que estes non serán valorados polo tribunal ao suporse que non están debidamente xustificadas.

Coñecemento da lingua galega (para todos/as os candidatos/as)

En aplicación do previsto na Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter obrigatoria e eliminatorio.

A proba será oral ou escrita e puntuarase como apto ou non apto, no último caso supón a exclusión do candidato do procedemento de selección

Quedarán exentos desta proba aquelas persoas que acrediten coa presentación da instancia, estar en posición do CELGA 1 ou equivalente.


Desempate:

No caso de varios candidatos obteñan a mesma puntuación o desempate resolverase tendo en conta:

– Responsabilidades familiares: ate un máximo de 2 puntos.

A valoración será a seguinte:

- Unidade familiar de ata 3 membros: 1,00 punto;
- Unidade familiar de ata 4 membros: 1,50 puntos;
- Unidade familiar de ata 5 ou máis membros: 2,00 puntos



CONCELLO DE ARANGA

Se os candidatos empatados non estiveran en ningunha situación das anteriores valorarase o que máis tempo estea en situación de desemprego.

- As responsabilidades familiares acreditaránse mediante libro de familia, certificado de convivencia ou autorización á Administración municipal para comprobalo de oficio no padrón municipal de habitantes, no caso de pertencer a familia ao Concello de Aranga

- O tempo en desemprego acreditarase co informe de vida laboral actualizado.

B) Admisión de aspirantes:

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias a Alcaldía dítara Resolución indicando:

- Lista definitiva de admitidos e excluídos e motivos da exclusión
- A designación do tribunal cualificador
- Lugar e data de realización das probas

Esta Resolución publicarase na Sede electrónica do Concello de Aranga e coa súa publicación darase un prazo de **1 día hábil** contado dende o seguinte á publicación no taboleiro da sede do anuncio, para que os interesados que o consideren oportuno procedan a emendar as deficiencias ou pesentar as alegacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva.

Se non é o caso procederase a ditar nova resolución que aprobe a lista definitiva, que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Aranga.



CONCELLO DE ARANGA

SÉTIMA.-Formalización do contrato.

A Comisión Seleccionadora propondrá ó Sr. Alcalde a contratación do/da aspirante que obtivera a maior puntuación, darase un prazo de **1 día hábil** contado dende a publicación no taboleiro da sede do anuncio, para que os interesados que o consideren oportuno procedan a emendar as deficiencias ou pesentar as alegacións que estimen oportunas.

O/a aspirante proposto/a presentarán dentro dos dous días hábiles seguintes, os documentos acreditativos que procedan, segundo o establecido nas presentes bases.

-Declaración de posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo e de non estar incurso en situación de incompatibilidade.

-Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.


- Certificado médico acreditando que pode desempeñar o traballo para o que se o contrata.

A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

OITAVA-Lista de reserva.

Rematado o proceso selectivo farase unha relación de persoas, en orde decrecente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respetando a orde da lista) para cubrir prazas non cubertas por situación de renuncia voluntaria e/ou procesos de incapacidade temporal.

NOVENA.- Incidencias.



CONCELLO DE ARANGA

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

DÉCIMA.- Recursos.

Estas bases, a súa convocatoria, e cantos administrativos deriven das mesmas, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas nos caos e na forma prevista na Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas, segundo os seus art. 123 e 124, mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes dende o día seguinte á súa publicación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso, no prazo de dous meses dende a publicación.


Todo isto sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

UNDÉCIMA.- Protección de datos de carácter temporal

De acordo coa normativa en vigor, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso selectivo, incorporaránse a un ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Aranga, onde as persoas interesadas poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación.

Mediante a súa participación os aspirantes consenten ao tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, rexistro de solicitudes, cualificación de probas, avaliación e provisión do posto.

Igualmente as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan expostos no taboleiro de edictos da sede electrónica, a efectos de dar a



CONCELLO DE ARANGA

publicidade esixida no procedemento, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de lei.

ANEXO I INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL QUE LEVARÁ A CABO AS ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PROGRAMA APROL RURAL 2025 (2 PEÓNS E 1 TRACTORISTA)

D/D^a _____

DNI núm. _____ Municipio _____.

Código Postal _____ Teléfono _____ Dirección de correo electrónico _____

SOLICITO

Tomar parte no proceso selectivo convocado polo Concello de Aranga para cubrir as plazas de persoal laboral que leve a cabo as actuacións previstas no Programa APROL RURAL 2025.

☐ PEÓN/A


☐ TRACTORISTA

A tal efecto achego o meu DNI e documento acreditativo de inscrición no Servizo Público de Emprego como desempregado.

DECLARO

Que coñezo as bases que rexen o proceso selectivo e que reúno os requisitos esixidos, non estando incapacitado para desempeñar o posto e non estou incurso en prohibicións para contratar nin estou en situación de incompatibilidade.

RELACIÓN DE MERITOS ALEGADOS DOS QUE ACHEGO DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA:



CONCELLO DE ARANGA

Así mesmo, **AUTORIZO:**

- A que sexan comunicadas as actuacións do expediente ao número de teléfono arriba indicado
- O tratamento dos meus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de persoas candidatas, a calificación de probas de avaliación, á súa exposición no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Aranga, aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación”.

Aranga, na data da sinatura. O Alcalde :Asdo:Alberto Platas Álvarez”

Sometida a votación a proposta, queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.”

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

Concello de Aranga, venres 30 de maio de 2025

A secretaria, Ana María Ocampo Pérez-Gorostiaga

O alcalde, Alberto Platas Álvarez